

PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECE A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN

Control de versións

Versión	Modificacións	Data de publicación
1.0	Versión inicial	05/10/2020
2.0	Actualización de textos e contidos	06/11/2020
2.1	Actualización de textos e contidos	18/12/2020

PROTOCOLO POLO QUE SE ESTABLECE A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN

ÍNDICE

1. Antecedentes

2. Obxecto e ámbito de aplicación

3. Delimitación da capacidade das aulas

4. Medidas preventivas

4.1. Información para os usuarios

4.2. Medidas de organización e protección

4.2.1. Medidas de organización e uso das aulas

4.2.2. Medidas que deberán aplicar aos usuarios das aulas

4.2.3. Medidas que deberán aplicar aos docentes

5. Uso das novas tecnoloxías para complementar a actividade presencial

6. Vixencia

1. Antecedentes

A aparición e a evolución pandémica do coronavirus COVID – 19 exixiu a adopción de medidas preventivas para protexer a saúde do persoal empregado público e con tal premisa, a Xunta de Galicia veu adoptando diversos protocolos e medidas coa finalidade de evitar a propagación do virus.

Entre outras, mediante acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, (publicado no DOG número 115, do 13 de xuño) adoptáronse as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. No dito acordo sinálase que as medidas previstas nel poderán ser completadas por plans específicos de seguridade, protocolos organizativos e guías adaptados a cada sector de actividade, aprobados polas administracións competentes.

En atención a esta previsión e diante da actual situación, procede a aprobación dun protocolo para o restablecemento da actividade formativa presencial da EGAP así como para o uso específico que das súas aulas realicen outros organismos da Xunta de Galicia que garanta a prevención dos riscos por contaxio polo coronavirus.

2. Obxecto e ámbito de aplicación

Mediante este protocolo establécense as medidas de utilización das aulas e instalacións análogas do edificio da EGAP como salón de actos e sala de exposicións. Estas medidas serán de tres tipos:

1. Delimitación da capacidade das aulas
2. Medidas preventivas que deben ser adoptadas polas persoas usuarias
3. Uso das novas tecnoloxías para complementar a actividade presencial

A posibilidade de uso das aulas quedará condicionado a que se comprobe o cumprimento nelas das actuacións de limpeza e desinfección previstas no Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19 e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre

medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Este protocolo non resultará de aplicación nin á cafetería nin á biblioteca da EGAP que se rexerán polos seus protocolos e medidas específicas.

3. Delimitación da capacidade das aulas

O número de persoas que poderán usar simultaneamente unha aula non poderá exceder do número que estableza a normativa que se adopte para a celebración de congresos, seminarios e conferencias en lugares pechados, garantíndose que as persoas usuarias poden manter unha distancia interpersonal de cando menos un metro e medio ou a distancia que en cada momento determinen as autoridades sanitarias competentes. Para o caso de que non se poida garantir esta separación, deberá de poñerse a disposición dos/as usuarios/as os elementos de protección que en cada momento resulten obrigatorios segundo as autoridades sanitarias competentes.

4. Medidas preventivas

4.1. Información para os usuarios

A EGAP colgará en lugares visibles do edificio e, en particular, que resulten accesibles para as persoas usuarias das aulas a información que resulte obrigatoria en virtude do Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19. Así mesmo e nas mesmas condicións, exporá a seguinte información:

1º Que non poderá acudir á EGAP e deberase poñer en contacto co 900 400 116 comunicándoo, de ser o caso, á persoa responsable da actividade formativa calquera persoa que tivese previsto utilizar as aulas da EGAP e se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a) Que detecte síntomas comúns da enfermidade polo coronavirus COVID-19 no seu domicilio.
- b) Que fose diagnosticada desta enfermidade e non tivese finalizado o período de illamento.

c) Que se atope en período de corentena por ter estado en contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

Esta ausencia considerarase como causa xustificada aos efectos de non ser penalizado para vindeiras convocatorias de cursos que realice a EGAP.

2º Que se os devanditos síntomas aparecen estando o/a usuario/a no edificio da EGAP, este/a deberá informar inmediatamente á persoa que estea impartindo a docencia quen, a súa vez, porá esta circunstancia en coñecemento do persoal encargado da seguridade do edificio para que trasladen inmediatamente á persoa afectada a un espazo e porase en contacto co centro de saúde do alumno ou chamará ao 900 400 116 para adoptar as medidas que indiquen as autoridades sanitarias. Esta persoa afectada deberá ser conducida ao dito espazo portando unha máscara cirúrxica e manterá en todo momento a distancia interpersoal de seguridade. No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar, avisarase ao 061.

Respecto do espazo elixido deberá contar con ventilación e papeleira para depositar panos e calquera outro material desbotable.

As persoas responsables da EGAP ditarán as instrucións necesarias para que se proceda a ventilar ben a aula e as zonas onde estivo a persoa que presentou síntomas e limparanse cunha solución de hipoclorito sódico (lixivia) con auga as ditas zonas.

Respecto ao resto das persoas que compartían aula coa persoa que presentaba síntomas de enfermidade, adoptaranse as medidas preventivas que fixe o órgano competente da Consellería de Sanidade.

Así mesmo, o/a usuario/a afectado/a deberá poñer en coñecemento da EGAP as pautas que lle marcou o 900 400 116 e, no caso de que fixese a proba para determinar se está infectado, é obrigatorio que informe a este organismo do resultado.

Toda esta información deberá ser subministrada ao alumnado con anterioridade ao inicio da actividade formativa á que vaian a asistir ben mediante o envío das instrucións ou ben mediante a indicación do sitio onde poden consultala.

4.2. Medidas de organización e protección

De cara a organizar axeitadamente a actividade da Escola e minimizar os riscos de exposición establécense unha serie de medidas de organización e protección que se detallan a continuación:

4.2.1. Medidas de organización e uso das aulas

- Deberase organizar o uso das aulas de xeito que se eviten aglomeracións e a coincidencia masiva de persoas nas dependencias da EGAP. A tal fin, deberanse escalar os horarios das actividades presenciais que teñan lugar nas aulas da Escola e adoptaranse as medidas para os actos de acreditación e/ou control de sinaturas que resulten oportunas
- Deberase organizar a distribución dos postos nas aulas de tal modo que se evite o contacto entre persoas, respectando, en todo caso, a distancia de seguridade. No caso de non poder garantirse esta separación e naqueles casos que se determinen na normativa de aplicación, as persoas responsables da organización das actividades deberán poñer a disposición do alumnado elementos de protección (tales como máscaras ou luvas) mentres as autoridades sanitarias determinen o seu uso con carácter obrigatorio e para o caso de que as persoas asistentes non conten con elas.
A EGAP ordenará os postos das aulas de tal xeito que se fixe unha distancia en todos os sentidos do posto (frontal, lateral e traseira) que garanta unha distancia física entre cada usuario/a de polo menos un metro e medio (computados de persoa a persoa).
- A EGAP deberá dispoñer de produtos de hixiene que permitan ás persoas usuarias das súas aulas e instalacións análogas realizar unha adecuada hixiene das mans.
- A EGAP porá en cada aula a disposición do/a docente unha listaxe para o control de asistencia así como un plano de situación da aula.
- Salvo por circunstancias xustificadas, disporase que se realice o acceso e saída das aulas de xeito individual. Deberanse adoptar as medidas precisas para que as persoas usuarias fagan a súa entrada pola porta que dea acceso a parte da aula onde estea situada a mesa

do docente e a saída pola outra porta da aula. No caso de que a aula teña unicamente unha porta deberase informar ao alumnado de que ningún alumno poderá abandonar a aula no momento no que estea entrando o resto, debendo agardar a que se detivese o fluxo de entrada. No caso do salón de actos no andar baixo a saída realizarase pola sala de exposicións.

Para facilitar que os usuarios e usuarias cumpran con estas indicacións, sinalizaranse axeitadamente as portas de entrada e saída e/ou o itinerario que se debe seguir para o acceso e saída das aulas.

- Deberanse sinalizar nas aulas os postos que poden ser ocupados polo alumnado de cara a que se garanta a distancia de seguridade.
- Disporase de film plástico naquelas aulas nas que se vaia empregar un micrófono a fin de que as persoas que o vaian utilizar o usen para envolvelo adecuadamente. Este film deberá de ser retirado pola mesma persoa que o utilizou ao final da súa intervención.
- Deberase informar de que os equipos informáticos (ordenador, rato, e CPU), unicamente poderán ser usados cada un por unha persoa en cada curso. No caso de que se deban establecer quendas para o uso dos equipos, unicamente se poderán fixar para o caso de que quede garantido que se procederá a desinfección cando se produza o cambio de quenda.
- O persoal que deba prestar soporte técnico nas aulas deberá cumprir estritamente co protocolo para intervencións técnicas que requiran presenza física e/ou manexo de equipamento de posto de traballo por parte do persoal de soporte da AMTEGA.
- Aos efectos de facilitar as labores de desinfección, organizarase o horario de uso das aulas de xeito que estas queden sempre libres a partir das 14.30 hs. e non poidan ser empregadas antes das 16.00 hs. salvo excepcións debidamente motivadas que deberan ser apreciadas pola persoa titular da dirección da Escola ou por persoa en quen esta delegue. Non se poderá volver a usar un aula ata que se producise a súa desinfección,

establecéndose na propia aula un parte de control da desinfección realizada para coñecer a súa realización.

- No caso de actividades que se desenvolvan nas aulas da EGAP organizadas por outros organismos, a persoa que realice a reserva das aulas deberá indicar na súa solicitude o número de asistentes e declarar que coñece e acepta as medidas contempladas neste protocolo.

4.2.2 Medidas que deberán aplicar os usuarios das aulas

Ademais de cumprir coas obrigas preventivas contidas no apartado 4.1 deste protocolo, as persoas usuarias das aulas e instalacións da EGAP deberán respectar as seguintes medidas:

- Aplicar a medida de medición de temperatura corporal e as medidas de hixiene contempladas no Protocolo polo que se establecen a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19.
- Gardar en todo momento a distancia de seguridade cos demais usuarios e usuarias tanto durante o desenvolvemento da actividade como na entrada e saída ás aulas, así como nos tempos de descanso. Para garantir o cumprimento desta obriga, o alumnado deberá sentarse unicamente naqueles postos das aulas que contén coa correspondente sinalización.
- Facer uso de elementos de protección mentres as autoridades sanitarias determinen o seu uso con carácter obrigatorio, tanto dentro da aula como fora dela mentres permanezan no edificio da EGAP.
- Prestar atención e cumprir a información da cartelaría e dos responsables da seguridade do edificio.
- Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a distancias de seguridade, sentidos de circulación, localización, espera de quenda, etc

4.2.3 Medidas que deberán aplicar os docentes

Ademais das medidas recollidas no apartado anterior, as persoas que impartan a docencia deberán cumprir coas seguintes indicacións:

- Deberá velar para que o alumnado dea cumprimento as súas obrigas recollidas no apartado anterior deste protocolo.
- Deberá adoptar as medidas precisas para que o alumnado non comparta ningún tipo de material. No caso de entrega de material ao alumnado, deberá colocar ese material sobre a cadeira de cada alumno/a antes do comezo do curso e despois da hixiene previa das mans ou ben envíalo á EGAP por correo electrónico, segundo o que, en cada caso, se lle indique.
- Para levar o control de asistencia, deberá adoptar medios distintos ao de circular a listaxe do control de sinatura entre o alumnado e reflectir os resultados daquel nunha listaxe que lle será proporcionada pola EGAP. Así mesmo, deberá indicar na dita listaxe o posto no que está sentado cada alumno/a consonte ao plano que lle será proporcionado pola EGAP.
- Ao finalizar a actividade deberá:
 - a) Informar ao persoal encargado do servizo de seguridade para que o poña en coñecemento do persoal de limpeza para que se proceda a súa limpeza e desinfección.
 - b) Remitir á EGAP a listaxe de control debidamente cuberta.

5. Uso das novas tecnoloxías para complementar a actividade presencial

A EGAP fomentará o uso das súas plataformas e medios telemáticos que teña dispoñibles para fomentar que o alumnado poida asistir as clases sen necesidade de desprazarse aos edificios administrativos. En tal sentido e como complemento da súa oferta formativa na modalidade de teleformación, ofertará cursos e xornadas pola modalidade de telepresenza, organizará webinarios e deberá facilitar que as actividades presenciais poidan ser seguidas en liña por aquelas persoas que non poidan asistir por mor das limitacións da capacidade da aula.

6. Vixencia

A vixencia deste protocolo estenderase ata o día en que perdan a súa vixencia as medidas impostas polas autoridades sanitarias competentes.

A pesar do anterior, este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias